



## **MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACION DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

O Decreto 146/2016, do 13 de novembro, modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, fixando un novo marco organizativo que se viu reflectido no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, o cal, no seu artigo 4, regula a estrutura da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Coa finalidade avanzar nunha maior racionalidade e eficacia no desenvolvemento competencial e de xestión das funcións que ten atribuídas, publícase o Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

Por outro lado, e por mandato da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, na que se configura o Plan de Transporte Público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa comunidade, a consellería de Infraestruturas e Vivenda puxo en marcha a primeira fase da planificación do sistema de transporte público de Galicia integrado coa prestación de transporte baixo a demanda, debendo de continuar a avanzar nesta planificación ata a súa completa implantación en todo o territorio da comunidade autónoma.

Procede, polo tanto, nestes momentos modificar a relación de postos de traballo (RPT) coa finalidade de acadar os seguintes obxectivos:

1º Adecuación á nova estrutura orgánica fixada polo Decreto 37/2017, do 6 de abril.

2º. A asunción de postos de traballo procedentes da Axencia Galega de Infraestruturas como consecuencia da atribución das competencias que en materia de estradas pasan a ser asumidas pola Consellería coa finalidade de optimizar os recursos, tal e como se reflicte no borrador de Acordo de traspaso, que se xunta como Anexo a esta memoria.

3º A reorganización de postos de traballo dependentes dos centros directivos e xefaturas territoriais coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e eficacia no desenvolvemento das tarefas encomendadas.



4º A adecuación da RPT á estrutura por áreas funcionais conforme ao disposto na Orde do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a Orde de 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir.

## **1.-MODIFICACIÓNS POSTOS DE RPT DERIVADOS DO DECRETO 37/2017 DE ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA.**

Tal e como se expresa na exposición de motivos do Decreto 37/2017 de 6 de abril, de estrutura orgánica, e desde o punto de vista funcional, as novidades máis destacables que se introducen son:

### **1.1 SECRETARIA XERAL TÉCNICA**

Regúlanse dous novos órganos como consecuencia dos ámbitos funcionais atribuídos á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, en materia de transparencia e desenvolvemento da administración electrónica así como en materia de estradas, encomendándolle neste eido competencial, as funcións de instrución e proposta de resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial así como a tramitación e proposta de resolución de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións.

Por unha banda, crease a Xefatura de Servizo de Apoio Técnico á que se lle encomendan as funcións en materia de transparencia e administración electrónica, entre outras.

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO/S UBG	NIVEL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	IV.C02.00.000.15770.060	XEFATURA SERVIZO DE APOIO TECNICO	A1-A2	28A

Esta creación financiose coa amortización do posto de xefatura de Servizo de Coordinación Administrativa, dependente da Área de Contratación e Administración da Axencia Galega de Infraestruturas

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO /SUBG	NIVEL
ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN	MA.X01.00.004.15770.200	XEFATURA SERVIZO DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA	A1-A2	28A

Por outro lado, cámbiase de dependencia e denominación o posto de Xefatura de Servizo de Xestión Xurídica Administrativa, adscrito á Área de Contratación e Administración da Axencia Galega de Infraestruturas, que pasa a depender agora



da Subdirección xeral de Réxime Xurídico Administrativo na Secretaría Xeral Técnica, coa denominación de Xefatura de Servizo Xurídico II. Esta modificación obedece á optimización de recursos que se persegue, de xeito tal que mantéñense as súas funcións pero pasando a depender da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico.

RPT VIXENTE			MODIFICACIÓN PROPOSTA		
CÓDIGO	UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACIÓN	CÓDIGO	UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACIÓN
MA.X01.00.004.15770.100	ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN	XEFATURA SERVIZO XESTIÓN XURÍDICA ADMINISTRATIVA	IV.C02.00.003.15770.050	S. X. DE RÉXIME XURÍDICO-ADMINISTRATIVO	XEFATURA DE SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO II

Estas modificacións implican, así mesmo, cambios nas súas formas de provisión. En concreto, a Xefatura de Servizo Xurídico II pasa a ser de concurso específico, mentres que a Xefatura de Servizo de Apoio Técnico ten como forma de provisión a libre designación.

O artigo 6 do decreto 37/2017 configura ó Servizo de Apoio Técnico como un órgano directamente dependente e que presta asistencia ao Secretario Xeral Técnico, o que xustifica a aplicación do criterio 4 apartado 1.2 da *Resolución do 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da función Pública pola que se ditan instrucións para a tramitación das relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*, dado que estas funcións se son definidoras dunha especial responsabilidade pola xestión de información especialmente reservada da Xunta de Galicia.

Ademais, a publicación do decreto de estrutura orgánica supuxo cambios nas denominacións dos postos de Subdirector/a xeral de Persoal, Xestión Económica e Control Orzamentario que pasa a Subdirector/a Xeral de Persoal e Xestión Económica; a Xefatura de Servizo de Persoal, Xestión Económica e Control Orzamentario que pasa a denominarse Xefatura de Servizo de Persoal e Xestión Económica e a Xefatura de Servizo Técnico Xurídico que pasa a denominarse Xefatura de Servizo Técnico Xurídico I

RPT VIXENTE			MODIFICACIÓN PROPOSTA		
CODIGO	UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACION	CODIGO	UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACION
IV.C02.00.002.15770.002	S. X. DE PERSOAL, XESTIÓN ECONÓMICA E CONTROL ORZAMENTARIO	SUBDIRECTOR/A XERAL DE PERSOAL XEST. ECONOM. E C.O.	IV.C02.00.002.15770.002	S. X. DE PERSOAL, XESTIÓN ECONÓMICA E CONTROL ORZAMENTARIO	SUBDIRECTOR/A XERAL DE PERSOAL E XESTIÓN ECONÓMICA
IV.C02.00.002.15770.020	S. X. DE PERSOAL, XESTIÓN ECONÓMICA E CONTROL ORZAMENTARIO	XEFATURA SERVIZO DE PERSOAL, XEST. ECONOM. E C. O.	IV.C02.00.002.15770.020	S. X. DE PERSOAL, XESTIÓN ECONÓMICA E CONTROL ORZAMENTARIO	XEFATURA SERVIZO DE PERSOAL E XESTION ECONÓMICA
IV.C02.00.003.15770.015	S. X. DE RÉXIME XURÍDICO-ADMINISTRATIVO	XEFATURA DE SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO	IV.C02.00.003.15770.015	S. X. DE RÉXIME XURÍDICO-ADMINISTRATIVO	XEFATURA DE SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO I



## 1.2 DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

Procédese a unha nova reordenación funcional para, por un lado, adaptarse aos cambios introducidos pola Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia e pola Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación neste ámbito material, e, doutro lado, acadar unha maior axilidade na xestión administrativa.

Esta reordenación tradúcese no cambio de dependencia e, en consecuencia da forma de provisión da Xefatura de Servizo de Estudos e Apoio Xurídico que, de depender da persoa titular da Dirección Xeral, pasa agora a depender da Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte, e con elo a súa forma de provisión pasa de libre designación a concurso específico

Recóllense no seguinte cadro o detalle dos postos afectados especificando a súa configuración na RPT aprobada por resolución do 22 de xullo de 2016 e tal e como se recollen nesta proposta de RPT .

RPT VIXENTE			MODIFICACIÓN PROPOSTA		
CODIGO	UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACION	CODIGO	UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACIÓN
IV.C03.00.000.15770.040	D. X. DE MOBILIDADE	XEFATURA SERVIZO ESTUDOS E APOIO XURÍDICO	IV.C03.00.001.15770.080	S. X. DE ORDENACIÓN DO TRANSPORTE	XEFATURA SERVIZO ESTUDOS E APOIO XURÍDICO

## 2. MODIFICACIÓNS DA RPT DERIVADAS DO TRASPASO DE COMPETENCIAS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

Como xa se ven manifestando nesta memoria o Decreto 37/2017, do 6 de abril, presenta como novidade desde o punto de vista funcional a atribución á Consellería de competencias en materia de estradas, encomendándolle neste eido á Secretaría Xeral Técnica e Xefaturas Territoriais, as funcións de instrución e proposta de resolución dos expedientes de responsabilidade así como a tramitación e proposta de resolución de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións.

Co fin de acadar a optimización dos recursos existentes e para facer efectivo o desenvolvemento das novas funcións encomendadas é preciso proceder a unha reordenación dos postos que viñan desenvolvendo estas atribucións na Axencia Galega de Infraestruturas, de forma que na nova relación de postos de traballo pasan a depender da Secretaría Xeral Técnica e Xefaturas Territoriais.

Os postos afectados, que se relacionan deseguido, son os recollidos no Acordo de traspaso asinado entre o Secretario xeral Técnico e o Director da Axencia Galega de Infraestruturas que se acompaña como Anexo a esta memoria.



➤ *Servizos centrais*

CODIGO	DENOMINACION	GR	NIV	OBSERVACIONES
MA.X01.00.004.15770.105	XEFATURA SECCION DE TRAMITACION	A1	25	
MA.X01.00.004.15770.110	XEFATURA SECCION XURIDICA	A1	25	
MA.X01.00.004.15770.115	XEFATURA SECCION XESTION XURIDICO ADTVO ADMINISTRATIVO	A1	25	
MA.X01.00.000.15770.050	POSTO BASE SUBGRUPO C1	C1	14	
MA.X01.00.000.15770.510	TITULADO/A SUPERIOR	I	4	Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo Único. Laboral indefinido non fixo
MA.X01.00.000.15770.511	TITULADO/A SUPERIOR	I	4	Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo Único. Laboral indefinido non fixo
MA.X01.00.000.15770.520	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IV	1	<b>Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo</b> Único. Laboral indefinido non fixo
MA.X01.00.000.15770.523	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IV	1	Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo Único. Laboral indefinido non fixo
MA.X01.00.000.15770.525	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	IV	1	<b>Disposc transt 10ª (1ªparte) V Convenio Colectivo</b> Único. Laboral indefinido non fixo

➤ *Xefatura Territorial de A Coruña*

CODIGO	DENOMINACION	GR	NIV	OBSERVACIONES
MA.X99.10.000.15001.075	XEFATURA SECCION XURIDICA	A1	25	
MA.X99.10.000.15001.050	XEFATURA DE GRUPO I	C1C2	14	

➤ *Xefatura Territorial de Lugo*

CODIGO	DENOMINACION	GR	NIV	OBSERVACIONES
MA.X99.10.000.27001.050	XEFATURA SECCION XURIDICA	A1	25	

➤ *Xefatura Territorial de Ourense*

CODIGO	DENOMINACION	GR	NIV	OBSERVACIONES
MA.X99.10.000.32001.038	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12	
MA.X99.10.000.32001.030	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12	

➤ *Servizo de Mobilidade en Ourense*

CODIGO	DENOMINACION	GR	NIV	OBSERVACIONES
MA.X99.10.000.32001.060	XEFATURA SECCION XURIDICA	A1	25	

Nesta xefatura territorial existe, na actual RPT, un posto de xefatura de sección xurídica que se considera suficiente para atender o volume de expedientes sancionadores por infracción en materia de estradas que se tramitan nesta provincia, polo que, no marco da optimización de recursos que se pretende, a xefatura de sección xurídica que se traspasa desde a Axencia Galega de Infraestruturas, pasa a depender do servizo de mobilidade coa denominación de Xefatura de Sección III aberta aos subgrupos A1A2C1, por ser prioritario nesta área un reforzo do persoal.

Deste xeito, as Xefaturas Territoriais das catro provincias manteñen unha estrutura similar para atender as tarefas de contido xurídico que se desenvolven nos seus ámbitos.

➤ *Xefatura Territorial de Pontevedra*



CODIGO	DENOMINACION	GR	NIV	OBSERVACIONES
MA.X99.10.000.36001.050	XEFATURA SECCION XURIDICA	A1	25	
MA.X99.10.000.36001.042	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIV	A2C1C2	18	

### **3.- CREACIÓNS E AMORTIZACIÓNS FROITO DA REORGANIZACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DEPENDENTES DOS CENTROS DIRECTIVOS E XEFATURAS TERRITORIAIS**

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, configura o Plan de Transporte Público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa comunidade.

Por outro lado, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, adica o capítulo II do Título III á ordenación e promoción da integración dos servizos dirixidos á atención de diferentes colectivos de persoas usuarias, preferentemente contratados por unha mesma Administración, atribuíndolle á consellería competente en materia de transporte público as funcións de órgano de contratación do conxunto de servizos de transporte público regular contratados pola Xunta de Galicia, consonte coa programación e as excepcións que, de selo caso, acorde o Consello da Xunta ou estableza o Plan de transporte público de Galicia, cuxa aprobación corresponde igualmente ao Consello da Xunta de Galicia.

Consonte co anterior, a consellería de Infraestruturas e Vivenda puxo en marcha a primeira fase da planificación do sistema de transporte público de Galicia integrado coa prestación de transporte baixo a demanda, estruturándose en 6 ámbitos territoriais nos que se concentran o conxunto de contratos vencidos, respecto dos que os contratistas prestatarios renunciaron, no ano 2016, a continuar coa explotación.

Ao abeiro do disposto no artigo 76 da lei 2/2017, do 8 de febreiro, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, adxudicou 41 contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral, acadándose a súa efectiva implantación no mes de agosto de 2017.

Nos vindeiros anos, ademais de xestionar os contratos adxudicados nesta primeira fase de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, deberase avanzar na elaboración do dito Plan, ata a súa completa aprobación no ano 2019.

Todo este proceso que culminou coa efectiva integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia, no marco



do procedemento para a implantación da primeira fase da planificación do transporte público de Galicia, xerou, tanto na propia Dirección de Mobilidade como nas xefaturas territoriais e servizos provinciais de Mobilidade unha importante carga de traballo que xustifica a necesidade de reforzar este ámbito funcional, tanto nos servizos centrais como periféricos da consellería

Ademais, na Secretaría Xeral Técnica créase un posto de xefatura de grupo/Subalterno/a necesario para dar servizo, ás unidades tanto da consellería como dos seus entes dependentes.

### 3.1 CREACIÓNS

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO/S UBG	NIVEL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	IV.C02.00.000.15770.048	XEFATURA DE GRUPO - SUBALTERNO/A	AP	14
D. X. DE MOBILIDADE	IV.C03.00.000.15770.020	XEFATURA SECCIÓN II	A1-A2-C1	25
D. X. DE MOBILIDADE	IV.C03.00.000.15770.034	XEFATURA NEGOCIADO II	A2-C1-C2	18
S. X. DE ORDENACIÓN DO TRANSPORTE	IV.C03.00.001.15770.078	XEFATURA NEGOCIADO VII	A2-C1-C2	18
S. X. DE PLANIFICACIÓN TÉCNICA	IV.C03.00.003.15770.010	XEFATURA NEGOCIADO I	A2-C1-C2	18
S. X. DE PLANIFICACIÓN TÉCNICA	IV.C03.00.003.15770.030	XEFATURA SECCIÓN TÉCNICA	A2	25
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	IV.C99.10.000.15001.055	XEFATURA NEGOCIADO I	A2-C1-C2	18
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	IV.C99.10.000.15001.060	XEFATURA NEGOCIADO II	A2-C1-C2	18
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	IV.C99.10.000.15001.070	XEFATURA SECCIÓN DE TRAMITACIÓN	A1-A2-C1	25
XEFATURA TERRITORIAL LUGO	IV.C99.10.000.27001.060	XEFATURA NEGOCIADO I	A2-C1-C2	18
XEFATURA TERRITORIAL OURENSE	IV.C99.10.000.32001.060	XEFATURA NEGOCIADO I	A2-C1-C2	18
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	IV.C99.10.000.36001.057	XEFATURA NEGOCIADO I	A2-C1-C2	18
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	IV.C99.10.000.36001.058	XEFATURA NEGOCIADO II	A2-C1-C2	18
SERVIZO DE MOBILIDADE (A CORUÑA)	IV.C99.10.003.15001.033	XEFATURA NEGOCIADO V	A2-C1-C2	18
SERVIZO DE MOBILIDADE (PONTEVEDRA)	IV.C99.10.003.36001.036	XEFATURA NEGOCIADO VI	A2-C1-C2	18

### 3.2 AMORTIZACIÓNS

Para o financiamento das prazas de nova creación propónse a amortización dos postos que de seguido se relacionan:



UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO /SUBG	NIVEL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	IV.C02.00.000.15770.056	SUBALTERNO/A	AP	10
D. X. DE MOBILIDADE	IV.C03.00.000.15770.005	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
D. X. DE MOBILIDADE	IV.C03.00.000.15770.008	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
S. X. DE ORDENACIÓN DO TRANSPORTE	IV.C03.00.001.15770.003	SECRETARIO/A DO/A SUBDIRECTOR/A XERAL	C1-C2	16
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	IV.C99.10.000.15001.031	POSTO BASE SUBGRUPO C1	C1	14
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	IV.C99.10.000.15001.040	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	IV.C99.10.000.15001.041	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL LUGO	IV.C99.10.000.27001.043	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL LUGO	IV.C99.10.000.27001.046	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL OURENSE	IV.C99.10.000.32001.046	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	IV.C99.10.000.36001.041	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	IV.C99.10.000.36001.042	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	IV.C99.10.000.36001.045	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
XEFATURA TERRITORIAL PONTEVEDRA	IV.C99.10.000.36001.046	POSTO BASE SUBGRUPO C2	C2	12
SERVIZO DE MOBILIDADE (PONTEVEDRA)	IV.C99.10.003.36001.003	XEFATURA DE GRUPO I	C1-C2	14
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)	MA.X01.00.000.15770.055	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	12
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA	MA.X99.10.000.15001.229	LEGOEIRO/A	IV	31
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO	MA.X99.10.000.27001.158	LEGOEIRO/A	IV	31
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE	MA.X99.10.000.32001.216	LEGOEIRO/A	IV	31

#### 4. INCORPORACIÓN DAS ÁREAS FUNCIONAIS

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia sinala (art. 41.1, último parágrafo) que: “A asignación de especialidades realizarase a través das relacións de postos de traballo, atendendo ás características dos postos”.

Para o cumprimento de dito precepto procédese a adecuar a RPT ás áreas funcionais polas especialidades ou formacións específicas consideradas de utilidade para o desempeño de cada posto, de cara a posibilitar a súa correcta provisión, de conformidade co disposto na Orde do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a Orde de 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir.

#### 5. OUTRAS MODIFICACIÓNS

No listado de equivalencias reflíctense, ademais, os postos afectados por outras modificacións da seguinte natureza:

5.1 Apertura de prazas a outros grupos ou subgrupos, coa finalidade de facilitar a súa cobertura polo maior número de empregados públicos





5.2 Inclusión de formación específica (mérito licenciado en dereito) en postos dependentes da Subdirección de Réxime Xurídico Administrativo.

5.3 Apertura a outras escalas de postos dependentes do Xurado de Expropiación de Galicia

De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG nº 34 do 19 de febreiro de 2016) “O Xurado de Expropiación de Galicia (XEG) é o órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a administración expropiante sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial.

Nesta modificación de RPT propónse a apertura dos postos de natureza técnica ás escalas de Inspección Urbanística (Especialidade Técnica) e á de Subinspección Urbanística, por considerarse axeitado para o desempeño das funcións que teñen encomendadas, facilitando así a súa cobertura por un maior número de empregados públicos.

Resulta ademais que, as titulacións de acceso ás novas escalas que se propoñen introducir son coincidentes coas titulación das escalas ás que xa están abertos estes postos na vixente RPT

Código	Praza	Nivel	Subgrupo	Corpo	Administración	Titulación académica
IVC040000015770005	Arquitecto/a – enxeñeiro/a de funcións facultativas	26	A1	Especial	AXG	ESA/ESE1/ESE2/ESE5/ESE11
IVC040000015770045	Xefatura Sección Técnica I	25	A2	Especial	AXG	EMA/EME1/EME4/EMIU
IVC040000015770046	Xefatura Sección Técnica II	25	A2	Especial	AXG	EMA/EME1/EME4/EMIU
IVC040000015770050	Vogal permanente XEG	30	A1	Especial	AXG	ESA/ESE1/ESE2/ESE5/ESE11
IVC040000015770060	Vogal permanente XEG	30	A1	Especial	AXG	ESA/ESE1/ESE2/ESE5/ESE11
IVC040000015770070	Vogal permanente XEG	30	A1	Especial	AXG	ESA/ESE1/ESE2/ESE5/ESE11

Finalmente, con carácter xeral introdúcense cambios nas denominacións dos postos e novas codificacións para dotar dunha maior uniformidade á estrutura de relación de postos de traballo.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

